**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2026**

En Laxe, sendo as 14:34 horas do 17 de setembro de 2026, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Non asisten:
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)
Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro non adscrito.

A continuación analízanse os puntos incluídos na Orde do Día:

**1. APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2026 – 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2026. EXPTE. NÚM. 2025/A008/000042.**

Dase conta da seguinte proposta:

***"PROPOSTA DE ALCALDÍA***
***Asunto: APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2026 - 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2026***
***Expte. Admvo. Núm****. 2025/A008/000042*
*O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión que tivo lugar o 28 de novembro de 2025, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2025.*
*As Bases do POS+2026 regulan simultaneamente o POS+2026 Base, o POS+Adicional 1/2026 para gasto social e o POS+Adicional 3/2026 para a redución da débeda que 76 concellos teñen coa Deputación ou para gasto corrente dos 17 concellos sen esa débeda.*
*Tamén conteñen na base 13 unha previsión de regulación do POS+Adicional 2/2026 para o caso de que a Deputación acorde realizar unha maior achega provincial ao POS+2026 a través do POS+Adicional 2/2026. Con esta finalidade, no expediente de modificación de créditos 2/2026, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 29 de abril de 2026, consignouse unha achega provincial por importe de 65.000.000,00 € destinada ao financiamento do POS+Adicional 2/2026.*
*De acordo co previsto na base 13.3 en relación coa base 4.3, a Deputación comunicou a este concello unha achega provincial por importe de 397.225,34 euros. Con cargo a esta achega provincial unicamente poderán financiarse investimentos financeiramente sostibles, tanto os solicitados inicialmente no Plan Complementario como outros novos.*
*De acordo co previsto na base 13.4, a tramitación do POS+ Adicional 2/2026 realizarase en dúas fases. Na primeira fase do POS+ Adicional 2026, este concello participou co investimento financeiramente sostible solicitado no Plan Complementario ao POS+ 2026, co proxecto técnico de Ensanche de vía e rede de pluviais en Aplazadoiro, por importe total de 109.735,35 euros.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: bA18sqgUTpR67s8FUce2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

*Considerando o exposto, con respecto á solicitude de participación na segunda fase do POS+ Adicional 2/2026 formúlase a seguinte proposta ao Pleno da Corporación:*

*1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ ADICIONAL 2/2026"*** *da Deputación Provincial da Coruña****,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

*A ) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)*

| ***Gastos correntes*** | ***Deputación*** |
|---|---|
| *Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2026, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2026 base ou POS+Adicional 3/2026* | *50.023,78 €* |

***B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026:***

| ***Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026*** | ***Financiamento dos investimentos*** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ***Concello*** | | | |
| | ***Deputación*** | ***Achega municipal*** | ***IVE soportado deducible*** | ***Total concello*** | ***Orzamento total*** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| ***TOTAL*** | | | | | |

| ***Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026*** | ***Financiamento dos investimentos*** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ***Concello*** | | | |
| | ***Deputación*** | ***Achega municipal*** | ***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable )*** | ***Total concello*** | ***Orzamento total*** |
| *EXECUCIÓN DE ITINERARIO PEATONAL NA RÚA VILLA AMPARO, DE LAXE* | *30.247,89 €* | *0* | *0* | *0* | *30.247,89 €* |
| *ACONDICIONAMENTO DE VÍAS NO LUGAR DE BOAÑO* | *70.780,16 €* | *0* | *0* | *0* | *70.780,16 €* |
| *REPARACIÓN DE VÍA MUNICIPAL NO NÚCLEO RURAL DE CABANELA, PARROQUIA DE TRABA* | *136.438,16 €* | *0* | *0* | *0* | *136.438,16 €* |
| ***TOTAL*** | *237.466,21 €* | *0* | *0* | *0* | *237.466,21 €* |

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 e que se relacionan nesta táboa.*

***C) Resumo de financiamento:***

| | | ***Concello*** | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***POS+ ADICIONAL 2/2026 2ª FASE*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***IVE soportado deducible*** | ***Total concello*** | ***Orzamento Total*** |
| ***Gastos correntes do 2026 distintos*** | *50.023,78 €* | | | | *50.023,78 €* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: bA18sqgUTpR67s8FUce2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)*** | | | | | |
| ***Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026*** | | | | | |
| ***Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026*** | *237.466,21 €* | | | | *237.466,21 €* |
| ***TOTAL*** | *287.489,99 €* | | | | *287.489,99 €* |

*2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.*
*3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos neste Plan se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.*
*4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*
*5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.*
*6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
*7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

Tras breves intervencións de aclaracións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 7 [(5 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) e 2 do BNG (dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2026"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A ) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

| **Gastos correntes** | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2026, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2026 base ou POS+Adicional 3/2026 | 50.023,78 € |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: bAl8sgqUTpR67s8FUce2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| TOTAL | | | | | |

| Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable ) | Total concello | |
| EXECUCIÓN DE ITINERARIO PEATONAL NA RÚA VILLA AMPARO, DE LAXE | 30.247,89 € | 0 | 0 | 0 | 30.247,89 € |
| ACONDICIONAMENTO DE VÍAS NO LUGAR DE BOAÑO | 70.780,16 € | 0 | 0 | 0 | 70.780,16 € |
| REPARACIÓN DE VÍA MUNICIPAL NO NÚCLEO RURAL DE CABANELA, PARROQUIA DE TRABA | 136.438,16 € | 0 | 0 | 0 | 136.438,16 € |
| TOTAL | 237.466,21 € | 0 | 0 | 0 | 237.466,21 € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Resumo de financiamento:**

| POS+ ADICIONAL 2/2026 2ª FASE | Deputación | Concello | | | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Concello | IVE soportado deducible | Total concello | |
| **Gastos correntes do 2026 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)** | 50.023,78 € | | | | 50.023,78 € |
| **Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026** | | | | | |
| **Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026** | 237.466,21 € | | | | 237.466,21 € |
| **TOTAL** | 287.489,99 € | | | | 287.489,99 € |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: bA18sqgUTpR67s8FUce2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos neste Plan se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2025. EXPTE. NÚM. 2026/T017/000001.**
Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2025*
*Dase conta seguidamente do estado de tramitación do expediente incoado para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2025, e nomeadamente do ditame previo favorable emitido pola Comisión Especial de Contas de 13 de agosto de 2026, e da súa exposición ao público mediante o anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 157, de 19 de agosto de 2026, sen que se presentasen ao efecto reclamacións.*
*A vista do disposto nos artigos 212 e 223, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse a adopción do seguinte acordo:*
*Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2025 nos termos da súa redacción.*
*Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente”*

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 7 [(5 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) e 2 do BNG (dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2025 nos termos da súa redacción.
**Segundo.-** Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: bA18sqgUTpR67s8FUce2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es



Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:38 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a Secretaria, a presente Acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcrición ao libro correspondente.

CVD: bAl8sqgUTpR67s8FUce2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/